

CITIZEN I CHÉVERE

Estreouse na Sala Nasa de Santiago de Compostela o 10 de outubro de 2010

Entran PATRICIA e MANOLO e avanzan ata situarse en proscenio. Falan a público.

MANOLO

A historia que se vai contar aquí é imaxinaria e calquera parecido coa realidade é pura coincidencia.

PATRICIA

En efecto, os nomes dos lugares e dos personaxes foron variados e as accións alteradas para que non se relacionen cos feitos reais nos que está baseada.

Entra vídeo. As imaxes que aparecen proxectadas son as do comezo do filme Citizen Kane de Orson Welles. Non están alteradas e chegan ata o momento en que entra a enfermeira e tapa o cadáver coa saba.

MANOLO

O que acabamos de ver son as secuencias iniciais dun dos filmes máis famosos da historia do cine: *Citizen Kane*. A película conta a historia dun empresario norteamericano que chegou a ser unha das persoas máis ricas e poderosas do mundo no primeiro terzo do século XX.

PATRICIA

E nós queremos contar a historia dun empresario galego que se converte nunha das persoas máis ricas e poderosas do último terzo dese mesmo século.

MANOLO

Pero non queremos contala empezando pola súa morte e utilizar o *flash back* como recurso. Decidimos liala un pouco. Pero pouco: pensamos en contala empezando pola morte doutro home galego rico e poderoso e cara a adiante.

PATRICIA

E o único home galego rico e poderoso que atopamos foi Francisco Franco.

MANOLO

Certo, non era un empresario, era un militar. Pero foi rico e poderoso durante case medio século. Así que empezamos a historia no momento máis interesante da vida de Franco, que é xusto cando morre.

PATRICIA

Momento moi interesante porque, poderíamos dicir, nos colaron a todos un gol que paga a pena comentar.

MANOLO

Un gol histórico, máis importante que o de Zarra ou Marcelino. Mesmo máis histórico e importante que os de Torres ou Iniesta.

PATRICIA

E ademais foi en propia meta, un autogol, porque o que lles contaron a todos os españois daquela, a versión oficial foi esta:

Introdúcese unha cassette nun reproductor e óese a inconfundible voz de Arias Navarro anunciando a morte de Franco.

MANOLO

O que acabamos de oír correspóndese co momento en que a morte de Franco é comunicada oficialmente ao mundo.

PATRICIA

O cal non quere dicir que se corresponda co momento real no que esta se produciu.

MANOLO

Pero unha cousa si é certa: os mocos de Arias Navarro son sinceros, porque el era o único que non tiña nin puta idea de que Franco morrera aproximadamente un mes e medio antes. O carniceiro de Málaga, como cariñosamente era coñecido, era un tipo sensible, incapaz de controlar as súas emocións en público.

PATRICIA

Un bocazas co que era mellor non correr ningún risco, así que simplemente se lle ocultou a verdade.

MANOLO

Máis ou menos a cronoloxía dos feitos é a seguinte: o 27 de setembro de 1975 son executados os últimos cinco condenados a morte do réxime franquista.

As reaccións non se fan esperar e a comunidade internacional, condena unánime este xesto agónico do dictador. Como consecuencia o día 1 de outubro Franco é sacado á balconada do Palacio de Oriente ante unha multitude enfervorizada, desquiciada, encirrada, fóra de si.

Introdúcese outra casete na que se oe a Franco falar dando o seu último discurso público.

MANOLO

En fin, unha vez que o meten para dentro xa nunca máis se volve ver en público. Para min que xa chega ás escaleiras cadáver. Falamos de principios de outubro de 1975.

PATRICIA

¿Por que se ocultou?

MANOLO

A explicación está nas imaxes que vimos ao principio: xusto antes de alentar por vez derradeira e como colofón dese minuto no que viu pasar toda a vida por diante de si, Franco pronunciou unha última palabra.

Entra vídeo. As imaxes son de Citizen Kane uns instantes antes de que Orson Welles pronuncie a palabra "Rosebud", pero cando chegamos ao primeirísimo plano da boca, o que oímos non é "Rosebud" senón "Globalization" cunha voz que se parece á de Franco.

PATRICIA

Globalización.

MANOLO

Si. Un termo incomprendible para a época. Unha palabra que abría novas portas á incógnita.

PATRICIA

¿Que quixo dicir? ¿A quen? ¿Por que en inglés? Etc.

MANOLO

Esas son algunhas das novas portas da incógnita. A primeira decisión que se toma é a de ocultar a noticia do falecemento ata atopar respostas para todas aquelas preguntas.

PATRICIA

E despois, para gañar tempo, tómase unha segunda decisión: finxir que Franco está enfermo.

MANOLO

Así que o día 3 de novembro comunícase a necesidade dunha intervención cirúrxica de urxencia no mesmo Pazo do Pardo para atallar unha emorraxia gástrica masiva que fai imposible o traslado do dictador a hospital ningún.

PATRICIA

E tan preocupados andaban todos en posicionarse debidamente, que a enfermidade do vello empezou a converterse nun episodio delirante con partes médicos incomprendibles que xa só se atrevían a asinalos un lacónico e impreciso *equipo médico habitual*.

MANOLO

Normal, porque coa cantidade de comunicados e partes que fixeron aqueles días, máis que un equipo médico parecía un equipo de guionistas a tempo completo.

PATRICIA

Pero isto entre a xente de a pé, tiña unha repercusión máis ben escasa. Noutras palabras: a ningún lle importaba un carallo que Franco estivese enfermo, a piques de morrer ou metido xa nunha neveira. Todo Cristo sabía que era un enfermo de Párkinson

terminal e a cousa estaba dun día para outro. O que todo o mundo tiña na cabeza eran cousas coma esta.

*PATRICIA introduce unha cassette: **Feelings**.*

PATRICIA

Un temazo. Esta canción era número un o día en que dixeron que Franco morrera.

MANOLO interrompe este momento recollido e entrégalle a PATRICIA unha das cassetes que ten na man para que a poña.

MANOLO

Si... Non só aquel día... Estivo de número un case todo o mes de novembro. Pero os españois non só escoitaban cousas insoportables coma esta na que se falaba de tipos que marcharan e melancolías varias. Os españois tamén escoitaban cousas máis alegres e festivas que daban un pouco a medida do que lles preocupaba o que estaba pasando no país.

*Empeza a soar a canción: **Saca el guiski cheli***

PATRICIA

¿Coñecedela non? ¿Pero vós de que ano sodes?

MANOLO

Isto chegou a número 3 nas listas de éxito. *[Soa o estribillo]* Toda unha declaración de principios. Estes xa se facían chamar directamente *Desmadre del 75*, xa me dirás ti que preocupados estaban... *[Rebusca no resto das k7 que ten etre as mans mentres fala]* E seguindo nesta mesma liña teño aquí tamén ao que daquela era un incipiente buscador de éxitos do verán e que a gora é un vello coñecido noso *[a PATRICIA]* pon aí a Georgie, o Bimbó...

PATRICIA mira as outras k7 mentres rexeita a que lle ofrece MANOLO.

PATRICIA

A ver... mellor esta. Estas eran dúas mulleres que se chamaban Nathalie et Christine e que cantaba un tema titulado *Femmes*, Femias. Escoitade, escoitade.

PATRICIA pón a k7. Mentres, MANOLO baila.

MANOLO

isto chegou a número un. E estivo mogollón de semanas. Peor bueno, corta. Isto é todo o tempo así: sete minutos de veña e dálle..

PATRICIA quita a k7.

PATRICIA

E mentres os españois malgastaban o tempo e os cartos en escoitar cousas coma estas, o corpo de Franco empezaba xa a cheirar. En todos os sentidos.

MANOLO

Así que, polo menos nunha cousa, empezaban a estar todos dacordo: había que facer pública a noticia.

PATRICIA

Pero o enigma polo que se adiara a oficialidade da noticia da morte permanecía sen descifrarse: "*Globalization*". ¿Que quixera dicir con iso? ¡Que cabrón!

MANOLO

A día de hoxe sabemos que Franco foi un visionario: sabía que o futuro das nacións non ía estar guiado por decisións políticas, senón por decisións económicas.

PATRICIA

E como ninguén tiña nin puta idea, os medios puxéronse dacordo en botarlle terra tamén á palabriña.

MANOLO

Pero non todos os medios da época quedaron calados. Nós localizamos polo menos unha publicación na que se investiga sobre esta última palabra pronunciada por Franco. O documento en cuestión é un número especial de Lume adicado á morte do sátrapa.

PATRICIA

Lume é o boletín editado por E.R.G.A. (Estudiantes Revolucionarios Galegos), e o número foi secuestrado polo estado. Pero gracias á colaboración dun antigo militante nós puidemos rescatar un exemplar.

MANOLO

Ben, pois aquí aparece un artigo titulado Globalization. O normal en Lume é que os artigos fosen anónimos. Pero por aquela época empezan a asinarse. Este concretamente está asinado por unhas iniciais: S.C. Pero ese mesmo antigo militante que nos facilitou este exemplar asegurounos que, sen ningunha dúbida, esas iniciais corresponden a Sara Caamaño. O artigo di o seguinte.

Lese o artigo (non enteiro, só as partes importantes).

"Xa pasou moito tempo dende que o vello carniceiro morreu. Tanto que parece que xa a naide lle interesa averiguar o que quixo dicir xusto denantes de deixarnos en paz coa súa morte. ¿Que foi daqueles revolucionarios de boquilla que dicían que non ían parar astra desenmascarar aos pequenoburgueses que se agochaban detrás daquíl testamento en crave para seguir asoballando aos seus semellantes? ¿Onde están os que habían queimar vivos ós herdeiros do tesouro oculto detrás dunha palabra que naide entendía? O traballo non se pode deixar á metá. Hai que rematar o que se escomeza. Sobor de todo se o traballo consiste en instaurar o socialismo e a republica dende unha base segura e libre de sospeitas de conspirazón, unha sociedade igualitaria e limpa de oligarquías e crases domiñantes. A luita non pode ter descanso, nen trégolas, nen concesións. Se paras, se respiras, se cedes, convírteste en cómprice. E non hai nada peor que un converso desfarzado de mártir dunha causa. Non hai máis que mirar arredor para ver que o que os españois deron en chamar

Transición está levada por noxentos persoeiros que se gavan de ter luitado contra o vello, cando en realidade o que fixeron foi deixalo morrer na cama. E agora nen xiquera se atreven a ademitir que non foron capaces de averiguar o que quixo dicir cando dixo Globalisation. Globalisation está perto de ser explicado. ¿Que sabedes vós revolucionarios de boquilla dun tal A.O.? A.O. estaba entre vós e non o recoñecéstedes. E millor así, porque non é il o o culpábel da nosa ineitude. Somos nós os que debemos arder na pira do noso inmovilismo, culpabeis de crear a A.O. Dentro de pouco verase eiquí, nunha entrevista, como A.O. consegue o que a revolución soamente persegue: a atención das masas. A.O. somos todos. O mau é que non o sabemos".

PATRICIA

Pois aquí está a clave de todo. ¿Quen é A.O.?

MANOLO

Nós, para chegar ata el, tiramos do fio de Sara Caamaño. O pouco que puidemos averiguar sobre ela é que se trata dunha moza que daquela tería vinteun ou vintedous anos, militante de E.R.G.A., que estaría estudiando no Colexio Universitario da Coruña, probablemente Filosofía e Letras.

PATRICIA

Pero a través dese mesmo militante de antes do que non imos dicir o nome...

MANOLO

Bueno pero podemos dicir as súas iniciais, non creo que a Celso lle importe: C.P.

PATRICIA

Pois ben, a través de C.P. conseguimos un documento excepcional que nos pode ofrecer un retrato de Sara.

Pónse cinta con audio da entrevista de Sara a A.O.

"O panorama moi apetesible non é. Alí á xente váiselle a vida esperando. E cando digho xente, digho as mulleres. Que viven esperando que volvan os seus homes. Están casadas e levan a vida de viúvas. E non disfrutan das ventaxas de ningunha das dúas cousas. A única riqueza que teñen é o tempo. Pero se aparasese alghén con algo para enchelo, inda llo reghalaban. Eu aghora xa o vexo todo desde fóra. É que me parece outra vida..."

PATRICIA

Esta é a voz da auténtica Sara.

MANOLO

É o que nos queda dela: o audio dunha entrevista que Sara mantivo con A.O., encontro ao que se facía referencia no artigo, e que vai ser o desencadeante da historia que queremos contar.

PATRICIA

A do noso citizen particular, o galego que chega a ser un dos homes máis ricos e poderosos do mundo.

Patricia e Manolo levantan as cintas que hai pegadas no chan ata deixar o debuxo do plano dunha tenda.

MANOLO

O encontro ten lugar o 29 de novembro de 1975 na Coruña, na rúa Torreiro nº 28...

PATRICIA

[Corrixindo] Toxeiro, Rúa Toxeiro, nº 28. Enfrente xusto, hai uns grandes almacéns: Almacéns Lamas

MANOLO

Ese día Sara participa, xunto cun par de decenas de compañeiros da ANPG, nunha manifestación en favor da constitución dun Goberno Provisorio Galego.

Patricia vai dando as consignas típicas en voz alta.

É obvio que non está autorizada así que a esperada carga policial dissolve aos participantes a golpe de porra, botes de fume e pelotas de goma. A xente corre entre berros e insultos diante das luces e os disparos. Sara corre ata resgardarse nunha especie de portal encaixado entre dous escaparates tapados por papel de estraza. Oe como uns cantos grises se acercan coa orde de buscar aos desperdigados. Instintivamente empurra a porta do negocio á que pertencen aqueles escaparates cegos. Está aberta. Sen pensalo, entra.

Manolo vai situando as posicións de Sara no chan da tenda con xiz. Primeiro pón un X.

Así que temos a Sara aquí. Dentro da tenda. Está sofocada, pero aínda así repara no local: é unha tenda de roupa. Avanza un par de pasos e pronuncia un tímido "ola".

Escribe a palabra OLA. Despois levántase e pasea polo plano do local.

Unha ollada rápida é máis que suficiente para concluír que hai algo nela que a fai distinta ás demais. A roupa está case toda colgada en perchas e as perchas están á súa vez colgadas en estruturas simples, formadas por un ferro horizontal que une dous verticais montados sobre rodas. Algunha destas estruturas mesmo é circular. E o máis rechamante: non están situadas detrás de ningún mostrador; pódese pasear entre elas; e tocar as prendas; e collelas. Finalmente deténse un momento a mirar.

Escribe a palabra MIRA. E debuxa unha frecha que sinala a unha das burras. Patricia entón interrómpeo.

PATRICIA

Espera, a ver, Sara entra, pecha tras de si aquela porta de cristal que acaba de abrirse accidentalmente, pecha tamén os ollos nun xesto reflexo de alivio. Avanza polo local...

Patricia vai seguindo as liñas de xiz do chan que debuxou Manolo, respira sofocada diante da primeira palabra, di o "ola" que está escrito e segue andando ata as burras,

introducindo ese estilo decimonónico para continuar a narración da escena. Ela vai escribir no chan máis palabras que liñas.

A visión daquela estancia en penumbra, na que se recortan en claroescuro siluetas de prendas suspendidas, suxire unha inquietude maior que o perigo certo que agarda fóra. Silencio. Cos ollos máis afeitos xa á aquela luz mortecina, inspecciona o territorio antes de avanzar: o local é amplo, alto, diáfano. Opressor.

Dá outro paso e sinte como se avanzase cara ao abismo. Pero continúa. Procurando nin rozar sequera aquelas prendas suspendidas que, por momentos, teme cobren vida. E combate esta visión con un "Hai alghén" [fala así porque ela é da Costa da Morte] esta vez si, alto, firme e proxectado.

Camiña con coidado, moi atenta. Aínda así, tropeza cunhas caixas. Apiladas como están impídenlle o avance, de maneira que se inclina sobre elas con intención de apartalas. E de súpeto sinte como as mans se crispan no cartón ao ler a etiqueta daquel bulto. A suor que aínda lle corre pola fronte cristaliza e advirte, con nitidez, como o seu sangue deixa de circular polas arterias. Atenazada, mira outra das caixas. Despois outra. E outra. En todas as etiquetas pón o mesmo...

MANOLO

Globalization!

PATRICIA

Demasiado evidente. Pode ser global... fashion!

MANOLO

Vale, pero nas etiquetas das caixas pon globalization porque... é un erro

PATRICIA

[Sinalando as palabras no chan] GLOBALIZATION, GLOBALIZATION, GLOBALIZATION... E a cara de Franco parece golpear o seu cerebro pronunciando aquela palabra nun impacto seco de menos dun segundo. ¿Onde foi parar? ¿Que é aquel lugar? ¿Quen está detrás de todo aquilo? Sara sinte entón como todo o esforzo da carreira e o desgaste da tensión acumulada incide na resistencia das súas pernas e senta, sen pensar, naquelas caixas.

Escribe a palabra CAE e xa queda no chan. Manolo achégase a escribir SENTA. Despois segue marcando no chan as súas propias accións.

MANOLO

A O., que oe claramente este segundo "*hai alghén*" está no almacén da tenda pero tarda un pouco en saír porque está acabando de facer algo que...

PATRICIA

Está cagando.

MANOLO

Si, está cagando. Un pouco despois de Sara sentar, entra da trastenda apresurado, metendo o cinto pola última trabilla do pantalón. Sara levántase coma un resorte e descúlpase con torpeza prometendo marchar inmediatamente. Conta de maneira inconexa que entrou por casualidade, que estaba na manifestación...

PATRICIA

Que non sabía que aquilo estaba ocupado...

MANOLO

A.O. está enfrente dela entre sorprendido e temeroso: se estaba na manifestación pode ser perigosa, pero por outra parte parécelle que sendo muller e tan nova é cando menos improbable. Como ve que está un pouco sofocada ofrécelle un vaso de auga.

PATRICIA

Ela acepta

MANOLO

E el vaino buscar ata o almacén.

PATRICIA

Sara non acerta a comprender como fora quen de soportar aquela aparición sen desmaiarse. A expresión daquel home é a de quen leva unha existencia atormentada. Os

ollos de quen está afeito a moverse na escuridade. A pel de quen evita o contacto co sol coma unha peste.

MANOLO

[Sempre marcando os itinerarios no chan] A.O. entra co vaso de auga e dállo a Sara. Mentres bebe, faise por primeira vez un silencio que lle permite reparar un pouco máis detidamente na rapaza: do seu físico rotundo e das súas maneiras rudas deduce inmediatamente que se trata dalguén con firmeza de carácter e mesmo empeza a aventurar unha nobleza de principios cando ela remata a auga e devolve o vaso entre agradecementos e desculpas.

PATRICIA

Ela dálle as gracias e pídelles un segundo vaso...

MANOLO

El sae de novo cara o almacén

PATRICIA

Sara aínda non o sabe pero xa non sairá dalí porque nese instante, o desexo de saber que se oculta nesas caixas vence por completo o instinto de fuxir: a forza dun deber baseado no compromiso fixa nela a idea de quedar. De averiguar.

MANOLO

A.O. avanza co outro vaso. Dállo a Sara. Ela bebe con máis calma, e iso a el permítelle rematar a análise empezada un pouco antes. Hai algo en Sara, non sabe o que, que lle resulta familiar. Ese aire indefinido que fai recoñecer como xa visto a alguén que en realidade vemos por primeira vez. Resumindo: Sara é do montón. E iso interésalle.

Neste momento deixan de avanzar na historia e repiten toda esta escena en personaxe, só cos diálogos, as intencións e os movementos marcados no chan.

PATRICIA

[A MANOLO] Entón: entrada primeira e vasos de auga.

Entra audio: cisterna, porta, pasos, vaso de auga...Manolo entra de vagar por detrás de Patricia sincronizando os movementos co audio e chega ata ela. Ela asústase.

SARA

... Ai! Perdoe é que pensei que non había nighén, desculpe entrei sen pensar porque habia unha manifestación e non sabia onde meterme e...

A.O.

¿Quieres un vaso de agua?

SARA

Ai, si, se fose tan amable, si que llo quero si...

Manolo vai buscar o vaso de auga e volve con él

SARA

Ghrasias

PATRICIA bebe e MANOLO queda mirando para ela.

SARA

Moitísimas ghrasias non tiña por que, ten que disculpar é que estou seca, se tivese outro...

A.O.

¿Quieres otro vaso de auga?

SARA

Pois non lle digho que non, pero se non é molestia, se non deixe...

MANOLO vai buscar o segundo vaso de auga, volve, dállo e queda mirando para ela.

SARA

Ghrasias outra ves, non tiña por que e foi moi amable, pois ala eu xa marchou non o quero molestar máis que terá cousas que facer...

Patricia vai indo cara a porta, pero fai como que se resinte dunha dor na perna

SARA

Ai ai!

MANOLO

Que pasou?

SARA

É que escordei o nosello... non sei, debeu ser cando saín correndo para escapar da policía... non terá por aí un xeo... unha pomada

A.O.

¿Una pomada? ¿Una pomada analgésica y antiinflamatoria?

SARA

Pois si, si moitas ghrasias

MANOLO

A.O. vai outra vez cara ao almacén en busca dunha pomada antiinflamatoria para calmar a dor de Sara.

Manolo vai de novo ao almacén marcando o percorrido. PATRICIA queda no sitio e retoma a narración en terceira persoa.

PATRICIA

Sara acaba de finxir que ten un nocello inflamado co único obxectivo de ficar naquel lugar. E proveita para inspeccionar de maneira máis minuciosa cada recanto do estraño negocio. Nun dos escaparates Sara descifra a duras penas unha cama, na cama un

manequín e aos seus pés unha muller. Parálizase: a escena é de hospital, o home está morto e a muller é unha enfermeira que tén cabo de si un gran letreiro di: "Y al final dijo GLOBALIZATION".

MANOLO

[Corrixíndoa] ¡Global Fashion!

PATRICIA

Global Fashion. E despois todo pasa nun segundo...

MANOLO

[Interrumpídoa] Enton A.O. sae do almacén e avanza cara a ela, cóllea pola perna, quítalle a bota campeira, quítalle o calcetín e exténdelle a pomada na zona dolorida. Con destreza, con moita delicadeza...

PATRICIA

Si, pero ela dille que non lle gusta que lle anden nos pés. *[A MANOLO]* Para, para! E sen embargo, ese contacto que nun principio rexeita por violento, acaba por eliminar os últimos recelos. Entón, por vez primeira, empeza a velo todo doutro xeito.

MANOLO

A.O. aproveita este cambio de actitude de Sara para facerlle algunhas preguntas

ARSENIO

¿De onde eres? ¿Que estudias? ¿Te gusta la tienda? ¿Que te parece como está colocado todo? ¿Cambiarías algo? ¿Y los precios? ¿Te has fijado en los precios? ¿Te parece caro? ¿Barato? Y mira: tu cuando vas a comprar, normalmente ¿vas sola o vas con tus amigas?

PATRICIA

En principio a Sara parécelle normal que el lle faga tantas preguntas, ao fin e ao cabo ela entrara na súa tenda e podía haber suspicacias, pero nun momento determinado ela decátase de que A.O. a está abrasando a preguntase xa conseguiu que lle contase a súa vida, toda, porque ela fala moito.

SARA

E ti que? Es da Secreta ou que? -pensa- isto que tendes aquí, que é, unha tapadeira? a ver, onda tá o jefe da globaliseixon?

MANOLO

en fin, o caso é que romperon o xeo do primeiro momento e isto permítenos ir directamente ao que nos interesa.

PATRICIA

Entón Sara, impetuosa como é, non o pensa dúas veces e espétallo así, directamente

SARA

Oes mira, que eu son de ERGHA, non sei se conoses, estudantes revolucionarios ghallegos, non? Bueno, pois temos unha publicación moi interesante dunha revista que se chama LUME, non conoses? Bueno, pois para este mes estamos preparando un número moi especial e non fui con pouco traballo que conseghín que me desen a min a contraportada. Entonses, eu tou facendo un traballo de investigasión moi interesante e non sei por que me dá ao corpo que ighual me podías ser de muita axuda. porque queres saber que desde que entrei aquí, estou intrighadísima con esta tenda que tés e ese escaparate tan bonito e o nome que lle puxestes? Sería faserche unhas poucas preghuntas, no máximo sinco minutos, dalgunha maneria sería como faserche unha entrevista, que me dis? si? pois mira o que é a casualidá que teño a ghravadora aquí, como viña a manifestación... pois veña.

SARA e ARSENIO están sentados un ao lado do outro mirando cara a público. No medio deles hai dúas cámaras que os encadran por separado e esas dúas imaxes son mesturadas na proxección en directo que se está a ver na pantalla que hai detrás. SARA pón en marcha o reproductor de K7 en modo gravación e empeza a entrevista.

SARA

Especial morte de Franco. A Coruña 29 de novembro de 1975. Falamos con... Perdoa ¿podes disir o teu nome en alto?

ARSENIO

Arsenio

SARA

¿E o apelido?

ARSENIO

Ortigueira

SARA

¿E cantos anos tés?

ARSENIO

Casi cuarenta

SARA

Moi ben. Estou con Arsenio Ortigueira, corenta anos, empresario...

ARSENIO

Un momento. Perdona, si todo esto va a quedar grabado, prefiero que no aparezca mi nombre.

SARA

Non te preocupes. *[Dirixíndose á gravadora]* Arsenio non quere que aparesa o seu nome.

ARSENIO

Perdona. A lo mejor no me he explicado bien. Prefiero que no quede grabado. No es por ti, no te ofendas.

SARA

Entendo, entendo. Paréseme correcto. Non hai problema. Mira, doulle para atrás e ghravo por ensima. E en ves do teu nome, digho as túas iniciais. ¿Paréseche?

ARSENIO

De acordo

SARA

Ah! Outra cousa. A revista publícase en ghallego. ¿Poderías faser o esforso de falar en ghallego?

ARSENIO

Podría, pero no serviría de nada. Yo no sé hablar en gallego.

SARA

¿Non sabes? Moi ben, non hai problema. Xa traduso eu o que ti dighas.

Sara fai a operación e volve empezar.

SARA

A Coruña 29 de novembro de 1975. Especial morte de Franco. Falamos con A.O. Informe de S. C. para Lume.

SARA

Moi ben. A.O. é unha das persoas que, sen ningunha dúbida, máis sabe sobre o asunto da última palabra que dixo Franco xusto antes de morrer. Empresario coruñés, de corenta anos, nada sospeitoso, en principio, de pertencer á oligarquía española imperialista, abre unha tenda chamada *Ghlobal Fashion*, nome que gharda unha relación fonética evidente con *Ghlobalisation*, que foi o que o vello dixo antes de espichar. ¿Por que?

ARSENIO

¿Por que, que?

SARA

¿Por que lle chamastes á túa tenda Ghlobal Fashion?

ARSENIO

Lo que quería es que se llamase Total. Me gustaba como sonaba: Total Fashion. Se podía pronunciar en inglés o en español. Estaba bien. Pero ya estaba registrado. Así que busqué algo que se le pareciese y apareció Global. Era más o menos la misma idea. Y al mismo tiempo lo de global te puede llevar a pensar en el globo terráqueo, en el mundo.

SARA

Nota. Ábrese unha nova perspectiva moi interesante sobre o asunto: o ditador tivo unha última visión acorde coa vella idea de que España é unha unidade de destino no universal e que el resumiu nunha soa palabra que tén que ver co ghlobo terráqueo, co mundo, coa intención de recuperar o esplendor pasado do Imperio Español, o de Felipe II. Ben. A.O. ¿por que en inglés?

ARSENIO

Escuchándote, puede que tenga algo que ver con la idea de universal que acabas de decir, quién sabe. Pero está en inglés porque tendemos a valorar más lo que viene de fuera y espero que a la gente le pique un pouco más la curiosidad.

SARA

Así que o inglés sería como unha máscara utilizada premeditadamente para ocultarlle as verdadeiras intencións ás clases populares...

ARSENIO

No creo que se pueda ocultar que la verdadera intención de un negocio es vender.

SARA

Xa, xa. No escaparate da túa tenda pódese ver unha estampa que me ghustaría que explicases. Permíteme que che describa o panorama: Franco antes de morrer, e diante dunha enfermeira, pronuncia unha palabra, ghlobalisation; e no teu escaparate hai un maniquí tumbado nunha cama de hospital e unha enfermeira que nos está disindo: "y al final dijo Global Fashion". Non me dirás que non hai unha relación. Dinos, A.O. ¿Que quixo disir o vello? ¿E por que esperou ao final para disilo, como dis ti?

ARSENIO

Es algo que también se me ocurrió a mi. Es una idea muy simple: es como si después de darle muchas vueltas a lo de a donde vas a ir a comprar la ropa, al final caes en la cuenta y dices: Global Fashion. Si lo del escaparate tiene algo que ver o no con eso que cuentas de Franco no lo sé, porque es responsabilidad de Pep, un catalán que acabo de contratar. Lo contraté porque es bueno y en el escaparate radica el 80% de las ventas.

SARA vólvese un pouco máis agresiva no seu ton. Non moito, pero si o suficiente para darnos a entender que se farta un pouco de que ARSENIO teña resposta para todo.

SARA

Deixémonos de rodeos e de evasivas e falemos claro. A.O., na túa tenda hai apiladas unha serie de caixas que teñen escrita a palabra *Ghlobalisation* que, creo que xa cho dixen varias veces, foi precisamente a ultima palabra que dixo Franco no leito de morte ¿Como o explicas? ¿Que sabes ti diso?

ARSENIO

Eso es un error del proveedor...

SARA

¿Que ten que ver o proveedor neste compló?

ARSENIO

...pero como la dirección es correcta, las cajas llegaron a destino.

SARA

Si, pero ¿a que prezo?

ARSENIO

Disculpa, pero no creo que esta entrevista tenga el más mínimo interés.

SARA

Eu sen embargo penso que si. Estou tratando de averighuar cal é a túa posición dentro

de todo este entramado no que se están xestando os ggrandes cambios políticos...

ARSENIO

Mira, de política no entiendo. Así que si te parece, lo podemos dejar aquí.

SARA

¿Que é iso de que non entendes de política? Todo o mundo entende de política. A todo o mundo lle afecta.

ARSENIO

A mi no.

SARA

Voucho plantexar doutra maneira. O vello morreu, inevitablemente vai haber cambios, ou para mellor ou para peor, e ti estás no medio queiras ou non. ¿Onde te posicionas?

ARSENIO

Te lo acabo de decir. No va conmigo, no tengo posición, como tú dices.

SARA

Mao di que a nosa posición vén das actitudes específicas que adoptamos respecto ás cousas específicas e esas actitudes colócate, aínda que ti non o queiras, nun dos tres grupos de persoas que tamén di Mao que hai: os inimigos, os aliados ou a nosa propia xente, que son as masas populares.

ARSENIO

Ni soy enemigo ni aliado de nadie.

SARA

¿Ves? Logho xa tés unha posición.

ARSENIO fai ademán de levantarse e SARA impídello

SARA

Agharda, agharda. Tés razón. Deixámolo estar así. Perdoa, sei que fostes moi amable deixándome quedar e aseptastes que faláramos, e eu non debería... non quero que te molestes... Veña, imos desde o principio e fæsemos... así... un percorrido histórico ata chegar aquí. ¿Paréseche?

ARSENIO non responde pero dá a entender que lle parece ben.

SARA

Está ben. Céntame, ¿cando empesaches a traballar?

ARSENIO

A traballar, a los 14 años. Pero si te refieres a cuándo empecé a ganar dinero, entonces a los 16.

SARA

E traballabas para terceiros.

ARSENIO

Claro. Que remedio.

SARA

Que remedio. Moi ben. ¿Significa iso que ti xa tiñas idea de independisarte? ¿Por que?

ARSENIO

Pues porque es lo lógico. Supongo que todo el mundo tiene esa misma idea en la cabeza. Otra cousa es que la pueda llevar a cabo.

SARA

Todo o mundo non. Eu non. Eu creo nun sistema de traballo colectivo enfocado a unha produción que cumpra cuns obxetivos que condusan a cubrir unhas necesidades colectivas. E aí non hai patróns nin asalariados. Trabállase polo ben común.

ARSENIO

Estás volviendo a la política.

SARA

E que todo é política. Outra cousa é que por falar disto ou do outro me acuses de faser política. É como se dis que por ser muller e falar ghallego tou fasendo política. E ti non claro: como es un home e non falas ghallego, non fas política. A min, non sei, parésememe que vives fóra da realidade se pensas que todo o que está pasando ao teu arredor é algo que non vai contigo. Acabouse unha época, hai cambios, a xente está empesando a pensar doutra maneira, é máis libre, ou quere selo, e ti dis que a ti non che afecta.

ARSENIO

Todo eso que dices está muy bien. Pero mira: yo lo único que sé hacer es trabajar. Trabajaba antes de todo esto que tú dices que está pasando, estoy trabajando ahora mientras pasa, y cando pase y nadie lo recuerde, si puedo, estaré trabajando. Así que no, a mi no me afecta.

SARA

Moi ben. Ti ghanas. ¿Cando desides que é o momento de dar o salto e traballares para ti?

ARSENIO

Non lo decido así de golpe. Ya llevaba años en el negocio. Conocía bien el sector y tenía contactos tanto con clientes como con proveedores. De hecho la gente para quien trabajaba vendía prendas que yo mismo confeccionaba en el tiempo que me quedaba libre. Así que pensé: si las hago, ¿por que no las vendo?

SARA

Desides deixar de darlle de comer ao intermediario porque non fai outra cousa que beneficiarse do traballo de terseiros.

ARSENIO

No, no. El intermediario es necesario en muchos casos. Hace su trabajo. Yo lo único que quería era quedar con los beneficios de la venta, nada más.

SARA

E estás aquí. Montaches a túa primeira tenda. ¿Que vén despois?

ARSENIO

Lo que viene después es otra. Porque esta ya es la segunda.

SARA

¿E despois?

ARSENIO

Si todo va bien la cuarta y después una quinta. Y así hasta llegar a abrir una tienda al día. Por todo el mundo.

SARA

Xa. Polo ghlobo terráqueo. Un neghosisio ghlobal, vamos. E cando xa teñas toda a terra chea de tendas irás a Marte.

ARSENIO

Tú aún no lo entiendes, pero para una empresa, crecer es mantenerse.

SARA

Nota. Ghlobalisasion podería ser faserse o dono de todas as fases de produción e venda aglutinando a ighura do proveedor, do intermediario e do vendedor nunha soa para eliminalos a todos e crescer sen parar... Se cadra tén que ver con deixar presenza despois da morte, para Franco ghlobalisación sería o desexo de inmortalidade. E mira, se non é moito preghuntar... abrir unha tenda ao día ¿para que?

ARSENIO, por primeira vez, fai unha broma parafraseando o que dixo antes SARA

ARSENIO

Para... ¿como era? ¿cumplir unos obxetivos que conduzan a cubrir unas necesidades colectivas?

SARA

Aghora vai resultar que es coma Marta Harneker.

ARSENIO

¿Perdón?

SARA

¿Non conoses? Marta Harnecker: para construír unha sociedade máis xusta, o proletariado vese obrighado a arrebatarlle o poder ás clases dominantes. O que fixestes ti co teu xefe, vamos, quitarlle os benefisios da venda para quedar ti con eles... Es un cachondo mental.

ARSENIO

Tú si que tienes unha maneira de hablar bien simpática. Y no lo digo por el gallego.

SARA

Pois non vexo que te tronches. Para min que me estás vasilando. Dis que non che interesa a política e aghora sáesme con que levas á práctica teorías leninistas sobre a produción.

ARSENIO

Lo que quería decir con tu frase es que para mi lo más importante es el cliente.

SARA

Ou sexa que fas roupa porque a xente a nesesita. Non é por cartos. Aghora son eu a que me esmendrello.

ARSENIO

Si y no. Hago ropa para ganar dinero. Pero el dineiro non es lo más importante. Se

necesita, sí: para crear riqueza y construir algo entre todos los que formamos un equipo. Pero también hago la ropa que veo que la gente necesita.

SARA

Como Uri Geller. Non, en serio. O que a xente nesecita tén un preso, así que as persoas teñen que ter os cartos nesecarios para mercar o que ti lles ofreses. Parésemo interesante o que dis pero iso de que o diñeiro non é o máis importante vasmos ter que explicar.

ARSENIO

Mira te voy a contar algo. En el edificio que había enfrente de donde yo trabajaba vivía una señora mayor. Muy simpática. Hermitas, se llamaba. Todas las mañanas bajaba a la calle a dar un paseo y entraba en nuestra tienda para pasar un poco el rato. La señora Hermitas bajaba siempre vestida con una bata de aquellas que vestían las señoras para estar cómodas, no sé si sabes de qué te hablo...

SARA

Si, esa bata común, a bata fea esa... que fasía así moita pelusa e que cando marcaba o serquillo non había dios que llo quitara..

ARSENIO

Si, esa bata. La que yo llamo bata Hermitas.

SARA

¡A bata Hermitas! ¡Que ghrasioso! Nota: A.O. vaimos contar a historia da bata Hermitas.

ARSENIO

Pues bien. En la tienda en la que trabajaba vendiamos batas hechas por mi, batas que yo hacía y que le vendía al jefe para que las vendiese. Batas de boatiné que ahora tanto se ven.

SARA

¿As bata de ghuata? ¿Non me dighas que as fasías ti?

ARSENIO

Yo solo no. Pero eso es otra historia. El caso es que me fijé en que la señora Hermitas, cada vez que entraba en la tienda, no le quitaba ojo a las batas. Así que un día le pregunté: "Señora Hermitas, veo que se fija mucho en las batas. ¿Le gustaría comprar una?" Y ella me contestó por gustar claro que le gustaría, pero que aunque pudiese pagarla, que no podía, tampoco se la podría llevar porque no había talla para ella. La señora Hermitas era más bien grande, así...

SARA

Estaba ghorda, vamos. Pódelo disir así, non é para averghonsarse.

ARSENIO

Se puede decir. Si. Pues bien, despois de aquel comentario me quedé pensando, y aquel mismo día, al saír del trabajo cogí uno de los patrones que teníamos y corté una bata de la talla que calculaba llevaría la señora Hermitas. Entonces al día siguiente me presenté en el trabajo con la bata y esperé a que bajase.

SARA

E reghalásteslla.

ARSENIO

No exactamente. Verás. Cuando entró, le enseñé la bata y le dije que se la probase.

SARA

Seghuro que quedou sen fala.

ARSENIO

Se puede decir. Si. Cuando la tenía puesta, y sólo por curiosidad, le pregunté cuánto estaría dispuesta a pagar por la bata. Ella, despues de mucho insistir, acabó por confesarme que podría llegar hasta 95 pts. Ni una más.

SARA

Moito menos do que valían as que había na tenda, supoño.

ARSENIO

Bastante menos, podes estar segura.

SARA

¿Canto menos? ¿A metade menos?

ARSENIO

Bastante menos. Aúñ así le dije que me parecía razonable. No para cobrársela, pero ella ya no esperó a nada: salió de la tienda y se fue corriendo a casa a buscar el dinero. A mi aquel detalle me dió que pensar: ¿cuantas señoras Hermitas habría por ahí dispuestas a pagar 95 pesetas por unha bata? En su mismo edificio había, por lo menos, otras dos señoras como ella; y en esa misma calle conocía de vista a otras cuatro o cinco con las que me cruzaba cada día. Así que si en la calle hubiese sólo dos por edificio, contando 50 números pares y otros tantos impares, estaríamos hablando de 200 señoras que podrían comprar esa bata. Y sólo en Coruña alrededor de 2000. Para hacer 2000 o 3000 batas, podía hacer un pedido grande de tela y ,como el riesgo era mínimo, podía venderlas yo directamente, con lo que el precio de venta se vería reducido aún por debajo de lo que la señora Hermitas estaba dispuesta a pagar. Para cuando volví, yo ya había calculado en cuanto le podía salir la bata así que cuando me quiso pagar 95 pts. le dije que se la dejaba en 79. De manera que yo no perdí una venta y ella se fue contenta con la bata y con 16 pts. más en el bolsillo con las que no contaba. Gané dinero, es cierto. Pero ¿aún crees realmente que eso fué lo más importante?

SARA

¡Que ben! ¡Que ben! Tes razón. Desta maneira désteslle á señora Hermitas o que ela andaba buscando. E aínda dis que ti estás á marxe de todos estes cambios que se están a producir. Pero se ti creastes a bata dos tempos novos, a bata da democracia. Eliminastes dun plumaso a bata franquista, fea, a bata uniforme e inventastes a... a... a bata revolucionaria ghallegha, poderíamos disir. Ti non de tás conta, pero xente coma ti é a que fai falta para educar a outra xente, democratizando a moda, democatisas a

sosiedade, ti escoitas o que a xente demanda e daslle unha resposta. As masas están empesando a ser libres e a xente coma ti tén que estar aí para que poidan exercer a súa liberdade ao vestir, por exemplo... etc

Pero Arsenio, ollo que iso tamén ten un perigo...

Nota.

Entra un vídeo na que se ve a Patricia nunha imaxe de continuidade coa acción do directo dicindo a frase que segue no micro da gravadora, momento que se aproveita para que Patricia se levante e para recolocar as cámaras e as cadeiras para a posición 2.

Atención, o capitalismo de novo cuño está copiando os obxectivos da Internacional Socialista para romper as barreiras nacionais, que eles chaman mercados, pero non coa intención de emansipar ás clases populares, senón para chegar a máis sitios e a máis xente con máis capacidade de gasto. Satisfacer as necesidades do cliente quere disir en realidade estimular o consumo. A democracia vailles vir que nin diós para que todo cristo poida chegar a ser consumidor.

Despois desta frase entra unha cortinilla de publicidade e dous anuncios emitidos na televisión española en 1975 (crema Pons e brandy Veterano). Cando remata, volvemos ao vídeo en directo e continúa a entrevista.

Conversa empezada.

SARA

Penso que o de seghir unha moda ou outra non son máis que nesesidades pequenoburghesas creadas a partir dun desexo superfluo, un desexo que á súa ves, está creado pola xente que quere vender e que presisamente tén que crear esas nesesidades. En fin, que xoghades coa inoransia da xente que pensa que nesesita aquilo que non tén e acaba empeñándose.

ARSENIO

¿Nunca te cansas?

SARA

¿De que? Ai, de falar de política! Non home, era só para que vises o pouco que me interesa o asunto da roupa, e que aínda así fixeime no que chama a atención o xersei este de Elvira. Por distinto eh, non por rechamante.

ARSENIO

¿Lo de que no es *rechamante* lo dices porque no es de un color vivo?

SARA

Non. É ghris. Pero non é soso porque tén as letras en amarelo e azul, e unhas bandas nos brazos tamén en amarelo e azul.

SARA

¿Y lo de distinto?

SARA

Pois porque o é, pero non me ghusta só a min. A case todos os que conosemos a Elvira nos ghusta. E cando alghén non a conose e che preghuntan "¿que Elvira?" ti dis "a do xersei distinto" e enseghida se dan conta.

ARSENIO

¿Tiene elástico en los puños?

SARA

Ten! E máis na sintura.

ARSENIO

¿Y es de cuello redondo?

SARA

Iso mesmo!

ARSENIO

No te ofendas, pero por como lo describes parece más bien la parte de arriba de un chandal.

SARA

Pois por aí, por aí. Pero non é un chandal. E tén aquelas letras ggrandes e bonitas que paresen así como dunha película do oeste, ¿dáste conta?

ARSENIO

¿Como de grandes?

SARA

Moito. Ocupando case todo o peito.

ARSENIO

¿Y que ponen?

SARA

UCLA. Trouxéronlla dos Estados Unidos, que que ten alí un irmán. Xa vés que non teño prexuízos, recoñeso que ás veces tamén fan cousas boas.

ARSENIO

¿Su hermano está en Los Ángeles?

SARA

Non. ¿Por qué?

ARSENIO

Porque son las siglas de la Universidad de Los Ángeles

SARA

Ah! Claro! Que parva! Pois non, o se irmán ta en Nuark, en Nova Iork. Alá hai unha colonia ghrande de xente de por onde somos Elvira e máis eu

Faise un pequeno silencio. Non chega a a ser incómodo, pero é que Sara non pode estar calada.

SARA

Pois fíxate que eu cheguei a pensar unha cousa cando vin por primeira vez a Elvira con aquel xersei. Pensei que quedaría ben faser un que en ves de UCLA puxese ERGA. E aghora non sei que che diga, despois de oírte contar o da bata Hermitas e como xa morreu o vello e Erga deixará de ser clandestino... ¡quen sabe! ighual me poño a faseche a competencia

SARA ri. Arsenio sorrí. Faise outro pequeno silencio que, agora, rompe el.

ARSENIO

¿Cuántos sois en ERJA?

SARA

Aínda che somos. Por aí... des.

ARSENIO

¿En toda la universidad?

SARA

¡Non home! ¡Na miña clase! No Colexio Universitario, somos moitos máis.

ARSENIO

¿Cuántos?

SARA

Polo menos cincuenta ou sesenta.

ARSENIO

¿Y en toda la Universidade?

SARA

Eu non sei cantos máis haberá por aí, pero en Santiago, Vigo, Ourense... hai universidades, bueno, universidade só é a de Santiago, os outros son Colexios Universitarios

ARSENIO

Me refiero a ¿cuántos estudiantes crees que habrá en total?

SARA

¿Por que? ¿Por se poidese comprar calquera o xersei, aínda que non fose de Erga?

ARSENIO

Por curiosidad.

SARA

Pois eu que sei. ¿Que poderá haber 15, 20.000? Non sei, é falar por falar. ¿Non estarás pensando en faselos ti? Mira que se os de Erga acaban pasando todos aquí...

Arsenio sorri pero non responde. Sara continúa desbarrando.

SARA

Non, en serio. Pero non me parece tan fantasioso poder faser cousas como fan os americanos. E nonb ten que ver que non se che ocorran a ti antes (E cando digho ti quero disir un calquera) Copias e xa está.

ARSENIO

Las cosas no funcionan así. La propiedad intelectual tiene mucha importancia en el mundo de los negocios.

SARA

¿Propiedade o que? Iso é unha contradisión. As ideas ocórrenselle a alghén, iso é serto, pero pero cando supoñen un benefisio para todos deixan de ter propietario.

¿Que van vir, aquí os da UCLA a disirche que non podes faser xerxeis coma os deles porque se lles ocorreron a eles? É como se veñen os da Michelin a disirche que non podes fabricar rodas. Non poderás poñerlle Michelin, pero ¿quén é o propietario intelectual da roda? ¿Eles?

ARSENIO

Es una manera de verlo muy graciosa.

SARA

E ¿paréseche unha tolería?

ARSENIO

Oyéndote, cada vez menos.

Entra un video no que se reproduce a mesma frase que SARA di a conticuación, superpoñéndose ata o final imaxe real e gravada. Despois entra publicidade, dous anuncios emitidos en 1975 (Pilé 43 e cociñas Corcho).

SARA

Pois entonses... ao fin, se a roupa pón Ergha ou Universidade Santiago ou de Salamanca, xa é outra roupa que non a de UCLA ou como se digha en inglés. ¿E por que

non se vai poder faser en Galisia un xersei que doutro xeito non se había ver por aquí nunca na vida?

Acábase vídeo. Conversa empezada. SARA está acabando de contarlle a ARSENIO unha historia persoal, nun ton marcadamente intimista. ARSENIO está escoitando atentamente.

SARA

... é que xa me parece outra vida. Como se os recordos que teño de pequena e os lugares nos que pasei a miña infancia, e a xente, os amigos, os conosidos... formasen parte da vida doutra Sara, dunha Sara que non son eu. Recordo todo como contado en terseira persoa. Así que xa non me queda nada a que volver. Volver no sentido de quedar, quero disir. A visita non é unha volta, non é volver. É estar de paso. Iso é: eu alí estiven de paso. Aghora vivo noutro mundo e estou ben.

Faise un silencio. ARSENIO dubida un momento en falar e ao final decídese a facer tamén unha confidencia.

ARSENIO

Yo...

SARA

¿Si?

ARSENIO

En fin. Me gustaría contarte algo...

SARA

¿Estás seghuro? Non tés por que. Porque eu che falase de min non faghas caso...

ARSENIO

No, no es eso.

SARA

¿É algo persoal ló?

ARSENIO

Es algo a lo que le vengo dando vueltas desde hace algún tiempo... Es sobre el Sistema de Producción de Toyota.

SARA queda un pouco descolocada. Pero enseguida se mostra amable.

SARA

Pois nada. Ti conta, non te cohibas.

ARSENIO

Es un poco como la historia de la Señora Hermitas. Pero esta vez la señora Hermitas es un hombre, japonés, y de nombre Tahiiichi Ohno. El sentía que la meta de la empresa era acortar la línea de tiempo desde el momento en que el cliente hace un pedido hasta el momento en que el dinero en efectivo es reunido. La base de su sistema de producción es la eliminación absoluta de las pérdidas y para ello localizó el origen de los despilfarros: 1, el empleo excesivo de recursos para la producción; 2, el exceso de producción; 3, el exceso de existencias; y 4, la inversión innecesaria de capital. ¿Te aburro?

SARA

Non, non. De ningunha maneira. Touno pasando moi ben.

ARSENIO

En realidad su método lo que persigue es producir solamente el número de coches que el mercado demanda. Así se elimina el stock y se evita comprar más materia prima que la estrictamente necesaria para la fabricación del número exacto de unidades que se necesitan. Just in Time lo llamó.

SARA

Dito así parece moi fácil. Pero supoño que non o é. ¿Ou si?

ARSENIO

Basta con hacer una serie de adaptaciones en el sistema tradicional de trabajo en cadena. Por ejemplo, para mejorar el proceso Taiichi decidió que en lugar de colocar todas las máquinas iguales juntas y tener que llevar las piezas de un lado a otro, colocaría las máquinas unas a continuación de otras según el flujo natural de la fabricación. Como ves, llevarlo a la práctica no es tan complicado. En realidad lo difícil está en que se te ocurra.

SARA

Como cos xerseis.

ARSENIO

Exactamente. Y yo algún día aplicaré este sistema en mis fábricas. y en mis tiendas.

Faise un silencio. Despois ARSENIO continúa coas confidencias.

ARSENIO

Esto nunca se lo he contado a nadie antes. Pero... no sé, contigo me siento muy a gusto.

SARA

¿Tas a ghusto si? Mira que ben. Iso aghora. Pero ao principio non era así. ¿Equivócome?

ARSENIO

No. No te equivocas.

Nese momento SARA mira directamente a ARSENIO, saltándose a convención das cámaras. ARSENIO tamén se vira cara a Sara. Pouco despois desaparece a proxección.

SARA

E ti cando me vistes aquí, que pensastes de min?

ARSENIO non contesta nada

SARA

Algo pensarías.

Arsenio segue sen contestar.

SARA

Pois vouche disir o que pensei eu: pensei que home tan juapo, si, porque es o que eu entendo por un home, non como os rapases de hoxe, que paresen sempre cabreados co mundo. Ti en cambio... fásme rir, eu tamén estou moi a justo... Pero ¿ti que pensastes?

ARSENIO

Pues yo al principio me asusté y después del susto hablabas tanto que no me dio tiempo a nada.

SARA

Ai, si é que falo moito xa o sei...

ARSENIO

Si... Un poco si.

SARA

¡Pero a ver! ¿Que pensastes home?

ARSENIO

Bueno, pues... pensé... qué lástima ¿no?

SARA

Que lástima ¿o que?

ARSENIO

Con lo guapa que es y lo mal vestida que va.

SARA

A ver en que quedamos son juapa ou non?

ARSENIO

Mira, hay gente que es guapa y gente que lo está. Tu no lo estás pero lo eres. Me refiero a que...

SARA

Bueno, non sijas, non trates de arranxalo... Deixa estar. Pero a ver, eu jústoche ou non? Pódelo disir. Ti a min si, xa cho dixen.

El non contesta.

SARA

Mira, mentres o pensas vouche poñer aquí unha cansión. Esta é a música que a min me ghusta de verdade. Porque estou farta xa de Jaras e de Sosas e de Ataghualpas... Isto non podo disilo na sélula, pero estou farta de Amandas, de calles mojadas e todo iso. A min o que me justa de verdade son os cantantes italianos.

Pón a música.

SARA

Isto eu non o podo faser en ergha, non llo dijas a ninghén...

Levanta, quita os micros, aparta as mesas e vaille falar a él.

SARA

Chámase Riccardo Cocciante, o que daría por ir ver un concerto... escoita escoita. Non o conoses, non? ...”es ya inútil...” “Sin una lágrima”

Ela ponse a bailar soa.

SARA

Ti sabes bailar non?

ARSENIO

No

SARA

Como non? A ver Arsenio, ti a todo dis que non e despous ers o máximo.

Cólleo pola man e fai que se levante.

SARA

Coidado coas caixas. Móvete para un lado e para outro, como fajo eu. Ti que es, de 1 e 2 ou de 2 e 2?

ARSENIO

No sé... de dos y dos, que suman más.

SARA

¡Que ghrasioso! Ven, ti déixate levar... síjeme a min... así... moi ben... ¿ves como sabes?

A música vai subindo e eles bailan cada vez máis abrazados ata o final. A música remata, pero escóitase o ruído dos surcos do disco. Paran de bailar. Ela sepárase un puco e desabotoa a camisa del. Logo sepáranse. MANOLO vaise fóra de escena. PATRICIA colle unha das sillas, a gravadora e senta diante da primeira fila de espectadores. Mete unha K7 no aparato e dálle a gravar. Mirándoos fixamente cóntalles o que segue.

SARA

Empesa el. Estou seghura. Apértame moi forte contra si e empesa a restregarse. E paro o carro. Quero que se fagha como eu quero. Ábrolle a camisa e amásolle o peito que,

por certo, está ben duro, e continúo. Voume cara a abaixo inspesionando, acarisiando, atallando as súas mans, que queren condusirme. Non llo permito. Sitúome coa cara á altura da entreperna e penso: ata aquí chegamos. Desátolle o sinto e ¡que lonxe queda a aldea! Libérolle o corchete e penso nas mulleres que quedaron atrancadas nos corchetes das súas saias. Que nunca abriron outros que nons fosen os seus propios, que deixaron que os seus propios fosen arrincados. Estou con elas. Comigo están, por fin, podendo ser sivilizadas. Baixo a cremalleira da bragheta e con ela todos os tabús. E busco pouco, porque está alí, aghardando, apuntando, reventando. Meto a man e aghárrolla con forsa, con firmeza, empuñando o estandarte dunha nova xeración sen prexuísos. Comprobo a fluidez da súa membrana, con delicadesa, arrodando cunha man sen presionar, acompañando as embestidas. Coa outra busco aos dous acompañantes e alívios un pouco do seu peso, elevándoos sobre a palma. E sigho un ritmo ighual de atrás a diante, separándoos na viaxe co meu dedo corasón. Canto poder sae daquel sitio, canta xustisa impartida sen outros arghumentos. Sei que estou sostendo cos meus dedos o ghrande peso da historia e doulle un bo bocado, controlando apenas o meu ímpetu. É todo meu, eu son a dona. Prepusios, ghlandes, escrotos... tan esitados están que non ven vir os cambios. Tan esitados como aghora. ¡Que pouco aghuante! Non llo consinto. Eu tamén quero a miña parte. Así que me incorporo. Insítoo a que me ispa, a que me probe, a que me molle. E dou a volta. Mentres me inclino vou ghiando e, aínda así, case nos perdemos. E por fin entra. Acompasamos enseghida sen un asomo de torpesa. E imos cara a arriba en ritmo e intensidade. E vaiseme a cabeza. E deixo que se vaia. Non penso en nada que non sexa disiparme, insendiarme, insendiar todo o pasado, queimar todo o que somos, que arda todo ¡LUME!

Despois... o fume, en forma de desculpas. "Non hai problema. Está todo controlado", digho. "E se non é así a quen lle importa", penso. "¿A el? ¡Arrecarallo! Sería o primeiro".

Unha vez que remata, PATRICIA saca a K7 déixaa enriba do aparato, levántase e vaise. Despois entra MANOLO, achégase á cadeira, colle a K7 e métea no aparato. escoita as primeiras frase varias veces ata que decide que o que se conta non foi exactamente así e pónse a falar porriba. E conta o que segue.

ARSENIO

Ella da el primer paso: De pronto se separa y baja sus brazos desde mis hombros hasta el

pecho. De un tirón me revienta los botones de la camisa. Es nueva y están apenas hilvanados. Me desciende sin que yo pueda evitarlo. Como no soy muy de camisetas me hace cosquillas e intento retirarla, pero sus manos frenan el intento. Adivino las intenciones, por eso me sorprende que se detenga en aflojar los complementos. Y no me beneficia en nada tanta espera. Me concentro en el acierto que supuso incorporar el corchete en las prendas masculinas, en las ventajas de la cremallera, en la revolución del *slip* que ya nadie recuerda. Y me concentro aún más en explicarme como las cosas se escapan de las manos en apenas un instante. En ese mismo instante en el que otras manos se hacen cargo de esas cosas. Y todos esos mundos que ignoré por ver un sueño realizado se acumulan en un solo movimiento. Simple. ¿Qué puede haber de malo en un receso que permite tomar un nuevo impulso? En recesos e impulsos se van los días. Se va la vida. Se va a ir todo. Ella me mira. Y no escasa. Se incorpora. No deja que me explique porque me lleva derecho hacia su blusa. Prenda incómoda para estos menesteres. Me niego a enfrentarme a sus botones en aquellas circunstancias y opto por dejarme pasear por su superficie. En el rostro que me enfrenta percibo la pericia de mis dedos y sé que no hay vuelta atrás. Los hago descender para abrir otros caminos, siguiendo la demanda de mi instinto. Y descubro más razones para seguir sin vender vaqueros: tan ceñidos, apretados; con aquel botón tan remachado. Aún así acabo. Se da la vuelta al tiempo que controla que nada que le importe pudiera haberse ido abajo. Está todo en orden. sólo nos falta encontrarnos en lo que será un frenético contacto. Lo resolvemos enseguida. Conseguimos sincronía en poco tiempo. Y me dejo llevar por entre las perchas, las prendas, las tiendas, las piernas, ¡LAS SARAS!

Después... un mecánico lo siento.

A K7 coa voz de PATRICIA debería acabar un pouco máis tarde que o relato de MANOLO. Unha vez que acaba, MANOLO déixaa correr un pouco máis en silencio. Despois para o reproductor, extrae a cinta e dubida que facer con ela. Entra PATRICIA.

PATRICIA

Por un momento Arsenio non sabe que facer con aquela cinta. Mesmo pensa que é mellor tirala. Pero como non é de tirar nada, finalmente gárdaa e xira sobre si mesmo.

MANOLO

Xa é domingo. Sara non está. Sae fóra e mira pola rúa. Oe pegadas que se alonxan. Volve entrar. Bota unha ollada pola tenda: ten a cabeza coma un bombo. Ao día seguinte abre ao público e nada do que hai alí lle convence.

PATRICIA

Finalmente chega o luns 1 de decembro e abre as portas. E non para de entrar xente. Nin despois de varios meses, nos que abre outras dúas tendas e adquire outro local.

MANOLO

Ás veces pensa se sería igual de non ter cambiado o escaparate. Se Pep (o escaparatista co que aínda traballa) non chega a atopar, aquel domingo xa lonxano, aquela ducia de galiñas para soltalas tras do cristal. Algo do que aínda hoxe fala todo o mundo.

PATRICIA colle unha bolsa de deportes que está fóra de escena e queda atrás mirando ao público. Mentres Manolo fala, PATRICIA vai sacando roupa dela e vaise vestindo ata quedar coa mesma roupa coa que empeza CITIZEN 2.

MANOLO

E non pode imaxinar como lle iría de non substituír aquel nome pseudo inglés polo que agora pode verse enriba das portas dos seus establecementos. Un nome en honor a aquela rapaza que dubida se existiu. E na que pensa algunha vez. Sobre todo ao preguntarse que sería dela. Porque nunca máis a volveu ver. Gustaríalle atopala para contarlle canto lle aproveitou aquela conversa.

Cando MANOLO remata de falar axuda a vestir a PATRICIA. Pola roupa que pon, vemos que está embarazada. Por detrás deles proxéctanse unha serie de textos como se fose a voz dun anrrador ou os pensamentos de A.O.

Ela esvaecera entre o eco dos seus pasos

Sen sospeitar aínda que acabaría voltando

Ao lugar do que viñera fuxindo

Para poñerse a traballar nalgo que nunca imaxinara.

*Ás veces pensa en ir buscala
Pero queda tanto por facer!
Novos locais por adquirir
Novas tendas por abrir
Novos provedores cos que contactar...*

*Durante a proxección vaise oíndo cada vez máis forte o audio dunha máquina de coser.
MANOLO pon a chaqueta e fica de pe ao lado de PATRICIA. Despois funde a negro.*

FIN